

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO
EXTRAORDINARIA DE 11 DE OUTUBRO

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00043126M.**

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia

2. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00032939F.**

Aprobación do expediente de contratación do Servizo de inspección, mantemento limpeza e traballos auxiliares das pistas deportivas exteriores de acceso libre do Concello de Santiago.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do Servizo de inspección, mantemento, limpeza e traballos auxiliares das pistas deportivas exteriores de acceso libre do Concello de Santiago, cun orzamento base de licitación de 377.819,28 € (base imponible de 312.247,34 € e IVE do 21% de 65.571,94 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 377.819,28 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 090 34200 2120000, coa seguinte desagregación por anualidades:

2023: 31.484,94 €

2024: 346.334,34 €

TOTAL: 377.819,28 €

O gasto de exercicios posteriores queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.

3. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: **2023/00040121J.**

Aprobación das bases reguladoras e convocatoria para o ano 2023 da II edición de Premios a Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar a “Convocatoria para o ano 2023 da II EDICIÓN DE PREMIOS Á EXCELENCIA EMPRESARIAL AXENDA URBANA 2030 no Concello de Santiago de Compostela”.

SEGUNDO: Aprobar o gasto relativo á “Convocatoria para o ano 2023 da II EDICIÓN DE PREMIOS Á EXCELENCIA EMPRESARIAL AXENDA URBANA 2030 Concello de Santiago de Compostela”, por importe total de 60.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 4790100 dos orzamentos municipais para o ano 2023 do Concello de Santiago de Compostela

TERCEIRO: Publicar as bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.(BDNS).

4. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: **2023/00040638R.**
Expediente de crédito extraordinario nº 2023-CREXT-07 de importe 12.000,00 euros financiado con baixas por anulación e de modificación de subvención nominativa do exercicio 2023.

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario co número 2023-CREXT-07 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de DOCE MIL EUROS (12.000,00 euros) coa finalidade de reflectir no estado de gastos do orzamento actual a consignación para o beneficiario real da actuación de interese municipal “realización da carreira pedestre popular de Santiago”, financiado con baixas por anulación.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación do estado de gastos do capítulo IV do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2023, que recolle a relación de entidades beneficiarias relativas ás subvencións nominativas, importes máximos anuais e finalidades destas axudas no exercicio 2023. A aprobación da nominativa á entidade “EPI PRENSA SLU” queda condicionada á entrada en vigor do crédito extraordinario proposto no apartado anterior.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario e de modificación do estado de gastos do capítulos IV do orzamento municipal do exercicio 2023, serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2023-CREXT-07, e de modificación do estado de gastos do capítulo IV do orzamento municipal do exercicio 2023, se contra él non se formulase ningunha reclamación, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.